



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

SA-8M1.1-Redeiras por un día


ACTIVIDADE 1. INTRODUCCIÓN

Existen moitos tipos de redes de pesca, mais hoxe en día a maior parte delas fábrícanse con fibras sintéticas. Se estas redes rompen no mar, xa non se arranxan, refúganse e recíclanse, pero moitas outras acaban no mar, co perigo que isto supón. Nesta actividade seguiremos unha técnica artesanal de fabricación de redes de pesca. Con esta rede crearemos un mural homenaxe a todas as mulleres que desempeñaron ou desempeñan eses oficios tradicionais que tanto abundan en Galicia.


PASO A PASO DA MONTAXE



1. Para esta actividade, necesitas:
 - 1,5 m de corda de cânabo ou algodón de 8-10 mm.
 - 50 m de fío da mesma fibra natural de 2 mm.
 - Cortizas, anacos de madeira ou flotadores (os flotadores podes imprimilos coa impresora 3D descargando o modelo).
 - Diferentes pezas de decoración.




2. Insire un anaco de fío no flotador e enróscao na corda cada 20 cm.



3. Corta anacos de 2 m de longo do fío máis fino, dóbraos pola metade e anóaos na corda dos flotadores cada 7 cm aproximadamente. Esta separación entre fíos marcará o aberta ou pechada que quede a rede.
4. Fai un nó como o que ves na imaxe. É importante que comeces polo medio da corda. Canto máis abaixo fagas o nó, máis aberta quedará a rede.
5. Se queres, podes utilizar un anaco de cartón para asegurar a distancia.




6. Anoa ata un extremo e logo a outra metade.
7. Repite este paso no resto das roldas ata conseguir como mínimo 1 m de rede.
8. Para rematar, colga pequenas pedras dos fíos colgantes.
9. Podes utilizar esta rede para traballar as especies mariñas da costa galega.



INSTRUCCIÓN DA ACTIVIDADE

- Descarga a app “PescadeRías, de onde se non?” da Xunta de Galicia. Esta app é un selo de identidade para a promoción e defensa dos peixes e mariscos procedentes da frota artesanal. Permite identificar as distintas especies mariñas con fantásticas ilustracións e diferenciar a súa frescura e calidade. Atoparás peixes, bivalvos, crustáceos, cefalópodos, equinodermos, gasterópodos, algas e antozoos. Dentro de cada clasificación, podes atopar unha descrición completa do peixe, as lonxas e os distribuidores. Incluso podes atopar receitas para cociñalos.

Es quen de facer o teu propio mural de aula?



Imaxes da app "PescadeRías, de onde se non?" da Xunta de Galicia.

